

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

D./Dña , con DNI ,
con domicilio en , código postal..... ,
concello..... , provincia..... , con tlf. , como
persoa afectada indirectamente pola situación dos alumnos/as da Escola Superior de
Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, diríxome á Xunta de Galicia e
concretamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cós seguintes
motivos:

EXPOÑO:

Os/as alumnos/as de Ensinanzas Artísticas Superiores teñen un título cunha equivalencia a
grao que xera moita incertidume. Suponse que esta equivalencia é a todos os efectos un
grao, pero prohibese o uso do termo e non se dan as mesmas facilidades que os
estudantes universitarios.

Isto conleva unha serie de problemas, por isto é que ao estar situados entre os estudantes
universitarios e os de secundaria se crea un “limbo legal”. Consecuentemente, o título non
ten garantida a plena mobilidade europea, a cuantía das bolsas é inferior ás dos
universitarios, os centros non poden dar a oportunidade de facer un doutorado, nin ofertan a
mesma cantidade de Erasmus nin de prácticas, sen esquecermos de que no mundo laboral
terán que competir cos graduados universitarios, xa que en España existen sete
universidades que ofertan estes estudos.

Cremos que dados os coñecementos que se imparten nas aulas, o nivel de traballo dos
estudantes e o nivel de preparación co que saen os alumnos da escola, merecen ser
alumnos universitarios, xa que con esta simple equivalencia están desprestixiando tanto os
estudos coma infravalorando ós alumnos e profesores.

A escola cumpre tódolos requisitos necesarios para adscribirse á universidade. Como dicta
a LOMCE no artigo 58, apartado 7: “las administraciones educativas podrán adscribir
centros de Enseñanzas Artísticas Superiores mediante convenio a las Universidades, según
lo indicado en el artículo 11 de la Ley Orgánica 6/2001, del 21 de Diciembre, de
Universidades.” O artigo 11 da Ley Orgánica 6/2001, do 21 de Decembro, apartado 1
expón: “La adscripción mediante convenio a una universidad pública de centros docentes de
titularidad pública o privada para impartir estudios conducentes a la obtención de títulos de
carácter oficial y validez en todo el territorio nacional requerirá la aprobación de la
Comunidad Autónoma, a propuesta del consejo de gobierno de la universidad, previo
informe favorable de su Consejo Social.”

Como ve, a adscripción á universidade da escola estaría nas mans da Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria de Galicia e a Xunta de Galicia.

PEDIMOS:

- A adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores á Universidade. Máis concretamente, pedimos a adscrición dos Estudos Superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais impartidos na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia á Universidade de Vigo.
 - Non é a primeira escola adscrita a esta universidade, temos outros exemplos como a Escola Naval Militar, a Escola de Enfermaría, etc.
 - A adscrición da Escola só tería beneficios para todos, xa que poderíamos compartir recursos cos estudantes de Belas Artes.
 - Cumprimos tódolos requisitos para a adscrición practicamente inmediata.
- Concretar unha reunión entre as nosas representantes e a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Dona Carmen Pomar, para debater sobre as solucións da problemática na que vivimos os alumnos das EEAASS.

Espero que tras os argumentos aportados, serán admitidas as miñas peticións.

En a de de 20....

Asinado.